Xa sabes por quen foi descuberta a vacina e como ese científico chegou ata ela... Curioso, verdade!

Somos protagonistas dos grandes avances tecnolóxicos que moldean a sociedade en constantes e vertixinosos cambios.
Vivimos nunha maraña informativa tecida sobre as plataformas dixitais.

Chégannos todo tipo de noticias; **pero moitas son falsas!**

Sabes como recoñecelas? Por que circulan?
Que intencións agocha quen lanza bulos?

Na carpeta que acompaña esta actividade ofrecémosche unha guía para aprender a recoñecelas e os consellos da Policía Nacional, que dela si nos podemos fiar!

Ao igual ca na actualidade, nos inicios do século XIX tamén se propagaban falsas crenzas, sobre todo de xeito oral.

Fíxate nesta ilustración. Foi publicada en canto se coñeceu a descuberta da vacina. Recolle o que a xente pensaba que lle sucedería se inoculaba a nova medicina.

Imaxina que daquela as redes sociais existisen.

Mirando este gravado, que titular de noticia falsa se che ocorrería?

Como redactarías esa noticia para divulgala a través de Twitter?
(máximo 140 caracteres)